

Recibiu unha bolsa do Ministerio de Ciencia, Desenvolvemento e Cultura do estado de Brandenburgo (Alemaña) para residir na Künstlerhaus Schloss Wiepersdorf durante o 2013.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Vertixe Sonora Ensemble, un colectivo flexible que integra destacados solistas de música contemporánea de Galicia e Portugal, está formado por artistas sonoros, artistas plásticos e músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza.

A partir dunha conciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro, establece un constante diálogo e interacción co pensamento, a ciencia, a tecnoloxía e outras formas artísticas desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural, favorecendo un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vangarda.

Desde a súa aparición converteuse nun referente indiscutible para a última xeración internacional de compositores do noso continente, que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva artística global e en permanente procura da excelencia artística.

www.vertixesonora.net

Pablo Coello *saxofón* / Rubén Barros *guitarra eléctrica* / Thomas Piel *violonchelo* / David Durán, Haruna Takebe *piano* / Diego Ventoso *percusión* / Ramón Souto *artística*

PRÓXIMO CONCERTO DO CICLO: Martes, 11 de xuño

CGAC

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Ramón del Valle Inclán s/n
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 623
cgac.actividades@xunta.es
www.cgac.org

XUNTA
DE GALICIA

galicia

2013
ANIVERSARIO CGAC

vertixe sonora
ensemble

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea
Xoves, 16 de maio de 2013, ás 20:30 h

UTOPIÁ SONORA

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Malin Bang *kobushi burui* (2012)

saxofón tenor, percusión, piano, guitarra eléctrica e obxectos eléctricos

Marianthi Papalexandri-Alexandri *Kein Thema* (2007)

videoproxección sonora

Manuel Rodríguez Valenzuela *24* (2013)

violonchelo amplificado e piano a dez mans

Para ilustrar o traballo de Miguel Palma preséntanse neste concerto tres modelos diferentes de materia e enerxía sonora, interacción instrumental e percepción visual. Se ao artista portugués lle interesa "unha realidade subvertida, extractos de realidades manipuladas" ou utiliza "artefectos híbridos carentes da súa función utilitaria orixinal ou afastados dela", o programa para hoxe escollido transita por estes elementos característicos da súa obra.

En *kobushi burui*, Malin Bang utiliza catro instrumentos convencionalmente recoñecidos como tales xunto a obxectos da vida cotiá: aparellos eléctricos como unha máquina de coser, un aspirador, un ventilador, un secador de pelo ou similares. A manipulación dos instrumentos musicais dun xeito non convencional súmase á utilización de diferentes obxectos na procura dunha sonoridade complexa que interactúe por igual cos sons dos obxectos eléctricos utilizados. Malin acada unha nova sonoridade froito de accións imprevisibles e contrastantes, que van desde o íntimo e case que inaudible até o áspero e obstinado.

Con *Kein Thema*, Marianthi Papalexandri-Alexandri "centra a atención nas percepcións do intérprete. A manipulación do instrumento (obxectos sonoros neste caso), restrinxindo as accións habituais, provoca reaccións máis inmediatas no intérprete. Esas reaccións permiten novas formas de comportamento e comunicación do grupo".

* Presentación en España

Ademais, a realización repetitiva de movementos diminutos na preparación da acción sonora é visualmente perceptible para a audiencia, que descobre unha correlación directa entre xesto ou acción, obxecto e son. *Kein Thema* reflicte a “intención de explorar como a limitación pode levar a novas posibilidades do son”.

En *24* Manuel Rodríguez Valenzuela utiliza dous instrumentos musicais, o piano e o violonchelo, manipulándoos de tal xeito que xera algo completamente novo. Mentres que o piano é convertido nunha nova máquina sonora, nunha particular caixa de música, a través da meticulosa e precisa acción de cinco intérpretes con múltiples e variados obxectos, o violonchelo é modificado e amplificado acusticamente. E se, como en *Palma*, hai unha subversión da realidade, en *24* tamén hai unha transgresión da tradición: dado que o dúo formado polo violonchelo e o piano ten connotacións moi relevantes na historia da música, Valenzuela inclúe unha cita no cuarto movemento á Quinta Sonata de Beethoven “como homenaxe a súa xordeira”.

Pablo Coello

OS COMPOSITORES

MALIN BANG (Suecia, 1974)

Estudou composición na Academia de Música de Piteå, na Universität der Künste Berlin, na Academia Real de Música de Estocolmo, na Universidade de Gotemburgo e en varias *master classes* e cursos con profesores como Brian Ferneyhough, Gérard Grisey, Philippe Manoury, Philippe Capdenat, Chaya Czernowin, Walter Zimmermann, Friedrich Goldmann e Ole Lützow Holm.

O seu traballo inclúe música para *ensemble*, orquestra, música de escena, música electrónica e *performance*. Recibiu encargos ou colaborou con Ensemble Recherche, no festival Wittener Tage für Neue Kammermusik (Alemaña); Ensemble Aleph, no Foro Internacional para Novos Compositores (Francia); Ensemble Mosaik e Ensemble SurPlus, no Schloss Solitude de Stuttgart, Ensemble Cairne e Ensemble Contrechamps, en Royaumont (Francia); June, en Buffalo (EUA), Huddersfield, Nuovo Virtuoso e EstoVest, en Turín; Ultima Festival, en Oslo; Ensemble Cras, de Dinamarca, e Nadar Ensemble, de Bélxica no Musica Strasbourg Festival. Malin Bang é compositor residente de Curious Chamber Players, nova e experimental *ensemble* sueca, con quen tivo unha estreita colaboración desde a súa creación en 2003. Recibiu numerosos premios e recoñecementos, entre os que se conta unha bolsa e un premio da Darmstadt Ferienkurse 2010 tras a estrea mundial da súa peza *Turbid Motion*.

www.malinbang.com

MARIANTHI PAPALEXANDRI-ALEXANDRI (Grecia, 1974)

Estudou composición con Chaya Czernowin, Rand Steiger e Roger Redgate. Fixo o seu doutoramento e un máster en composición na Universidade de California, San Diego, na Universität für Musik und Darstellende Kunst Wien e na Universidade de Londres, Goldsmiths College.

Recibiu o Impuls Award, o Dan David Prize, o Kurt Weil Fellowship, a bolsa Robert Erickson e foi seleccionada para os cursos de Darmstadt. En 2007 foi compositora en residencia dos EMS Studios en Estocolmo, Suecia.

O seu traballo inclúe composicións para instrumentos e obxectos sonoros, creados por ela mesma en colaboración co artista Pe Lang, que presenta en forma de actuación en directo e instalación audiovisual. O seu traballo céntrase na revisión e reinención do instrumento musical como un xerador de son, así como nun tipo de produción de son e comportamento do intérprete. Gran parte da súa obra implica unha continua interacción entre o visual e o musical. É tamén un traballo que esixe un enfoque absoluto, claridade e economía de medios.

Recentemente as súas obras foron amosadas en Kunsthau Ló (Friburgo), Centre d'Art Santa Mónica (Barcelona), Dialogue Festival (Salzburgo), Dienstgebäude (Zúric), galería COMA e Festival Ultrashall, Process Festival e Radialsystem V (Berlín), Festival Wien Modern (Viena).

Papalexandri traballou con *ensembles* e solistas como o Mosaik, Klangforum Wien, ensemble SurPlus, Volharding Orchestra, Ictus, QNG - Quartet New Generation, ensemble [rout], dissonArt, Wet Ink, Ensemble Bye Bye Butterfly, The Black Jackets Company, Steven Schick, Niklas Brommare, Corrado Canonici, Rhodri Davis, Sebastian Lexer, Koen Kaptijn e a London Improvisers Orchestra. Como improvisadora actuou con músicos e grupos como Eddie Prevost, Scratch Orchestra, Steve, Beresford, Ann Rosén, Rob Wannamaker, Sten-Olof Hellström, Scott Walton, Marcos Fernandes, Chris Tonelli, Simon Vincent e Juliana Snapper, entre outros.

www.marianthi.net

MANUEL RODRÍGUEZ VALENZUELA (Valencia, 1980)

Comeza os estudos de composición na Escola Superior de Música de Cataluña, onde participou nas clases de composición de Luís Naón e Agustín Charles. En 2007 trasládase á Academia Sibelius en Helsinki, continuando os estudos de composición e orquestración. No outono de 2011 empeza un posgrao avanzado en composición con Simon Steen-Andersen na Real Academia de Música de Aarhus (Dinamarca). A súa música foi interpretada polo Grup Instrumental de Valencia, Ensemble Martinu, Avanti! Chamber Orchestra, Orchestre National de Lorraine, cuarteto de corda Redó, Conxunto BCN 216, SWR Sinfonieorchester Stuttgart, Ascolta Ensemble. A obra *24*, incluída neste programa, foi estreada pola Ensemble Intercontemporaine no pasado mes de maio en Dinamarca e seguidamente presentada por Vertixe Sonora Ensemble no III Festival SON en Madrid.